



INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: CONTA XERAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2016.

REF: CV-240/2017

PRIMEIRA PARTE: INTRODUCCIÓN

De conformidade có establecido no artigo 200.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, [Regla 47 de la ICN] procedeuse a formar a Conta Xeral do exercicio económico de 2015 polo que se emite o seguinte,

INFORME

I. Obxectivo.

A Conta Xeral constitúe o que na terminoloxía mercantil se coñece como as contas anuais e é a concreción do proceso de rendición de contas, cuxa finalidade principal é poñer de manifesto a situación económico-patrimonial e dos resultados da xestión económica do suxeito contable e, no ámbito das entidades públicas suxeitas a presuposto limitativo, ademais, o seguimento da execución do presuposto, nun momento determinado e durante un período de tempo concreto. En efecto, de acordo có que establece a Regra 44 de la ICALN, a Conta Xeneral da Entidade Local mostrará a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do presuposto.

A Conta Xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as Entidades Locais para cumprir esta obriga formal de rendir contas, se non que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económicos, financeiro patrimonial e presupuestario; esto é, é o instrumento que permite tanto á corporación como aos administrados e cidadáns en xeral, coñece-las actuacións que se realizaron durante o exercicio presupuestario, permitindo controlar o uso e o destino que se deu a un volume de fondos públicos. É, en definitiva, o mecanismo de control por natureza.

Analizar dun xeito simple, integrado e comprensible a información máis relevante no aspecto patrimonial, económico e financeiro resultante da Conta Xeral do exercicio e comprobar que os estados financeiros preséntanse de acordo coas normas que lles sexan de aplicación e mailos principios contables públicos.

Limitarémonos a realizar dous tipos de análises dos estados contables, a patrimonial e a financeira posto que a análise económica é máis propia da empresa privada onde se estudan os resultados para obter unha visión conxunta da rentabilidade, produtividade, e capacidade da mesma para obter beneficios, crecemento e expectativas de futuro. Para este tipo de análise pártese Conta de Perdas e Ganancias.

1. Patrimonial: Estuda a estrutura e composición ol activo (estrutura económica) e do pasivo (estrutura financeira), as relacións entre as distintas masas patrimoniais, é dicir, que exista o equilibrio patrimonial (Activo = Pasivo). Para isto partírase do Balance de Situación.

2. Financeiro: Estuda a solvencia e liquidez da entidade, é dicir se a Entidade é es capaz de atender en cada momento as súas obrigas de pago tanto a curto como a longo prazo. Se é así existe equilibrio financeiro. Para iso utilizaremos o Balance de Situación e o Cadro de Financiamento.



II. Alcance.

Temporal: O ámbito temporal ven delimitado á información contable relativa ao exercicio de 2014, se ben realizárase unha análise dinámica que permitiranos a comparación cos exercicios precedentes.

Material: A conta xeral estará integrada pola da propia Corporación, e pola do Organismo Autónomo “Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais”, sendo esta última obxecto de fiscalización independente pola Intervención delegada, sen prexuízo de que os estados se presenten de forma consolidada.

iii. Contido.

A Conta Xeral das Entidades Locais estará integrada por:

- A Conta Xeral de la propia Entidade.
- A Conta Xeral dos seus Organismos Autónomos.
- As Contas das Sociedades Mercantís de capital integramente propiedade da mesma.
- A Conta das Entidades Públicas Empresariais.

Cada un dos suxeitos contables aos que se refire o apartado anterior deberá elaborar as súas propias contas anuais de acordo có que se establece nas Regras 44 a 51 da ICAL, modelo Normal.

No caso do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Conta Xeral ven integrada pola do propio Concello e pola do seu organismo autónomo dependente a Fundación de Deportes que é obxecto de informe independente pola Intervención delegada, se ben ambas se presentan de xeito consolidado e veñen integradas por toda a documentación esixida pola Normativa vixente, según o detalle e o contido que se sinala a continuación:

1. O Balance.
2. A Conta del resultado económico-patrimonial.
3. O Estado de Cambios do Patrimonio Neto
4. O Estado de Fluxos de Efectivo
5. O Estado de Liquidación ol Presuposto.
6. A Memoria.

1- O balance.

- a) Análise da estrutura do balance.
- b) Análise do activo fixo.
- c) Análise do pasivo esixible.
- d) Análise do capital circulante e a solvencia a curto prazo.

2- O resultado económico patrimonial.

- a) Análise da conta prevista na Instrución de Contabilidade.
- b) Análise dunha proposta de conta de resultados.

3-O Estado de Cambios do Patrimonio Neto

4.- O Estado de Fluxos de Efectivo

5.-Estado de Liquidación dos orzamentos.

- a) Análise da xestión orzamentaria.
- b) Análise do equilibrio orzamentario.



- O resultado orzamentario.
- Liquidación de orzamentos pechados.
- O estado do remanente de tesourería.
- A análise da estabilidade orzamentaria.

6- Memoria

Finalmente integra o expediente toda unha serie de documentación complementaria á que se denomina ANEXOS a Conta Xeral e que son os seguintes:

ANEXO I. LISTADO DE CONTRATOS ADMINISTRATIVOS ADXUDICADOS DURANTE O EJERCICIO 2016.
ANEXO II. ACTA DE ARQUEO, CERTIFICACIÓNS BANCARIAS E ESTADO DE CONCILIACIÓN.
ANEXO III. NFORME INTERVENCIÓN CV 146/2017 DE FISCALIZACIÓN POSTERIOR POR MOSTREO E CERTIFICADO DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA, EMITIDOS AO ABEIRO DA BASE 37ª DAS BEO-INFORMES FISCALIZACIÓN PREVIA LIMITADA INTERVENCIÓN 2016 (desde CV-01/2016 ata CV-452/2016).
ANEXO IV: SUBVENCIONES RECIBIDAS.
ANEXO V: SUBVENCIONES CONCEDIDAS.
ANEXO VI: CONTA 413 DO BALANCE DE-OBRIAS VENCIDAS E ESIXIBLES PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO.

A Metodoloxía seguida consiste nunha análise da situación ao inicio do exercicio e evolución durante o mesmo de cada un dos estados e contas básicas, formulando as observacións necesarias, para a comprensión das magnitudes resultantes da xestión desenvolta e comparación co precedente.

IV. Limitacións.

Do carácter agregado da información que resulte dos estados contables pérdese o detalle e, por conseguinte, as explicacións específicas a feitos puntuais. En consecuencia, non se trata dun informe de fiscalización completa das contas do exercicio, senón dunha revisión limitada que permita elaborar certas observacións respecto ás cifras agregadas que resultan.

- Limitacións á determinación da imaxe fiel:

Respecto ao inmovilizado, compre sinalar que o inventario municipal, ao igual que se viña sinalando en informes anteriores, é deficiente, non contando cunha valoración axeitada, e iso levou a que non se contemplasen amortizacións nin depreciacións do inmovilizado, se ben estase a traballar na súa actualización esperando que poidan acometerse o antes posible as labores que permitan o seu correcto reflexo contable.

Neste senso, se pon de manifesto a falta de medios materiais e humanos para levar a cabo dende esta Intervención as esixencias establecidas pola regra 16 da ICAL, que dispón literalmente que: *“1.- La entidad contable deberá contar con el oportuno Inventario de bienes y derechos que, de conformidad con la legislación patrimonial, detalle de forma individual los diversos elementos del inmovilizado que tiene registrados en su contabilidad. 2.- En el caso de que no exista la necesaria*



coordinación entre la contabilidad y el Inventario General, la entidad deberá contar con un inventario específico, de carácter contable, para detallar individualmente su inmovilizado”.

Esta deficiencia de medios posta de manifesto de forma reiterada na fiscalización.

Existen tamén limitacións orzamentarias, no tocante á non contabilización dos gastos realizados carentes da oportuna consignación orzamentaria; en efecto, as limitacións legais (art. 173.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais) impiden contabilizar aqueles gastos realizados que non teñen consignación orzamentaria; con independencia da irregularidade que isto supón, son gastos orzamentarios que implicitamente deberían terse en conta nos estados e contas anuais na medida que son do exercicio. Con iso, o estudio é limitado ao non ter en conta determinados gastos que non tendo reflexo orzamentario si que existen e polo tanto deberían terse en conta nos distintos estados e contas agregados; O único reflexo de ditas obrigas atoparémolo por tano na conta 413 do balance. (Ver Anexo VI correspondente ás obrigas vencidas e esixibles pendentes de aplicar ao Orzamento. Conta 413)

- En materia de Subvencións:

Non existen Ordenanza de Subvenciones nin Plan Estratéxico, de subvencións.

- En materia de Ingresos:

Tense constancia de que existen expedientes de autorización de uso de instalación culturais nos que non se está a practicar as preceptivas liquidacións da correspóndete taxa.

Igualmente tense constancia de expedientes de anulación de liquidacións sen informe previo favorable da Tesourería municipal.

Igualmente tense constancia de concesións de fraccionamento sen informe favorable da Tesourería municipal.

V. Fundamentación xurídica.

A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Artigos 22.2 e) e 116 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobada mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 119.3 da Lei 47/2003, Xeral Presupostaria.
- Regras 44 a 51 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Principios Xeraies sobre contabilidade analítica das Administracións Públicas (IGAE 2004).
- Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola cul se recomenda un formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático que facilite a súa rendición.
- Orde HAP/1489/2013, de 18 de xullo, pola que se aproba as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público.
- Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas.
- Lei 7/1988, de 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas.
- Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que faise público o acordo da Comisión de Goberno, de 29 de marzo, sobre creación do Rexistro Telemático do Tribunal de Contas.
- Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola cal se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais, modificado parcialmente pola Orden 419/2014.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade



Financeira.

- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven ás obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Resolución de 10 de xullo de 2015, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo del Pleno de 30 de xuño de 2015, polo que se aproba a Instrución que regula a remisión telemática de información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.
- Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba el Plan Xeral de Contabilidade.
- Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública.
- Resolución de 2 de diciembre de 2015, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 26 de novembro de 2015, polo que se aproba a Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato de dita Conta, a partir da correspondente ao exercicio 2015.

VI. Tramitación, aprobación e rendición das contas.

O artigo 25 do Regulamento do réxime interior do Consello de Contas de Galicia establece que “ (...) As Entidades Locais deberán emiti-las contas de cada exercicio, directamente, ó Consello, antes do **31 de xullo do ano seguinte ó do remate do exercicio.** (...)”

Pola súa parte, o artigo 48 do Regulamento do réxime interior do Consello de Contas de Galicia establece que “ (...) As contas sometidas a exame e fiscalización terán que presentarse nos seguintes prazos: (...) As contas das entidades locais, dentro do fixado pola súa regulación legal específica (...)”. . Polo tanto, a rendición da Conta Xeral ao Consello de Contas, se realizará en relación co disposto no artigo 223 do TRLFL, tal e como se expón a continuación:

Primeiro.- De conformidade cós artigos 21.1 f) e 116 da Le 7/1985, de 2 de abril, os artigos 208 a 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e outras disposicións concordantes; os estados e contas da Entidade Local serán rendidas, debidamente autorizadas, aos órganos que teñan atribuída a función de control externo, polo Presidente da Corporación antes do 15 de maio do exercicio seguinte ao que corresponda

A tal efecto, terán a consideración de contadantes os titulares das entidades e órganos suxeitos á obriga de rendir contas e en todo caso:

- a) O Presidente da entidade Local
- b) Os presidentes ou directores dos Organismos Autónomos e das demais Entidades Públicas Empresariais.

De acordo co que establece a ICAL, os contadantes son responsables da información contable, é dicir, de subministrar información veraz, e de que as contas reflexan a imaxe fiel do patrimonio, a situación financeira, do resultado económico patrimonial e da execución do presuposto da entidade contable. Non obstante o anterior –añade o apartado 3 da Regra 50 da ICAL- dita responsabilidade se concretará na división de ésta entre a responsabilidade de rendir contas, como responsabilidade independente da responsabilidade na que puideran incurrir quenes adoptaron as resolucións, ou



realizaron os actos que se reflexan nas Contas Anuais neste momento procedimental¹. Igualmente, no mesmo sentido se manifesta a Instrución de Contabilidade Local no apartado 4 da Regra 49, ao establecer que:

«La aprobación de la Cuenta General es un acto esencial para la fiscalización de ésta por los órganos de control externo, que no requiere la conformidad con las actuaciones reflejadas en ella, ni genera responsabilidad por razón de las mismas»

Segundo.- Segundo o artigo 212.2 do TLRHL a Conta será formada polo órgano Interventor da Entidade e se someterá antes do primeiro de xuño, xuntamente con todos os xustificantes, a informe da Comisión Especial de Contas, a cal estará constituída por membros de todos os grupos políticos integrantes da Corporación. Neste sentido, o número de membros será proporcional a súa representatividade na Entidade ou en número igual a cada grupo. Neste caso deberá aplicarse o sistema de voto ponderado.

Terceiro.- A Comisión Especial de Contas, despois de examinar as contas e os seus xustificantes emitirá un Informe. Tanto as Contas como o Informe emitido serán expostos ao público durante un prazo de quince días, para que, durante dito prazo e oito días máis, os interesados poidan presentar por escrito todas as reclamacións, reparos ou observacións que consideren oportunas. No caso de que se formulen, a Comisión Especial as examinará e emitirá novo informe².

Cuarto.- Finalmente as Cuentas, acompañadas de todos os xustificantes, das reclamacións e reparos formulados e os ditames da Comisión Especial, se someterán á aprobación do Pleno da Corporación antes do día 1 de outubro. O acordo de aprobación se adoptará por maioría simple dos membros presentes.

Quinto.- Aprobada a Conta Xeral, se rendirá polo Presidente da entidade local ao órgano ou órganos de control externo competentes para a súa fiscalización subseguinte antes do 15 de outubro.

Sexto.- A conta xeral se remitirá telemáticamente a través da páxina web habilitada ao efecto a través do portal de rendición do Consello de Contas.

SEGUNDA PARTE: ANÁLISE E CONCLUSIÓNS

I. O balance:

O balance presenta a posición dun patrimonio referida ao peche do exercicio, estruturándose a través de dúas masas, activo e pasivo, desenvoltas cada unha delas en agrupacións que representan elementos patrimoniais homoxéneos:

- O activo recolle os bens e dereitos, así como os posibles gastos diferidos.
- O pasivo recolle as obrigas e mailos fondos propios.

En relación ao balance, será máis fiable a información que representa canto máis acorde coa realidade sexan as súas partes. Por iso para que o inmovilizado represente a imaxe fiel da situación patrimonial do Concello cómpre realizar un inventario valorado do mesmo, xa que o resto das masas patrimoniais si están valoradas correctamente.

a) Análise da estrutura do balance:

² En el supuesto caso de que no se presenten objeciones durante el periodo de exposición al público, se podrá prescindir del nuevo informe de la comisión especial de cuentas, siendo suficiente certificación librada por la secretaría general acreditativa de que no se ha presentado ninguna.



Un axeitado análise do balance require unha ordenación e agrupación do mesmo axeitada. Así serán agrupados por masas patrimoniais, ordenados de menor a maior liquidez os activos, e os pasivos de menor a maior esixibilidade.

ANÁLISE DO BALANCE DE SITUACIÓN:

O Balance de situación resultante da aplicación contable é o seguinte:

TÁBOA A)

BALANCE	2012	2013	2014	2015	2016
ACTIVO					
ACTIVO NON CR RTE.	87.729.067,61	87.786.915,47	89.008.567,61	92.338.951,14	93.987.864,17
ACTIVO CORRENTE	13.250.784,85	13.428.076,76	10.181.752,69	8.209.536,60	11.374.481,45
DEBEDORES C/P	7.625.112,58	5.825.366,51	5.029.964,81	5.536.166,75	5.641.176,14
DISPONÍBLE	5.473.257,14	7.262.770,64	4.744.425,67	2.596.595,27	5.658.232,56
TOTAL ACTIVO	100.979.852,46	101.214.992,23	99.190.320,30	100.548.487,74	105.362.345,62
PASIVO					
CAPITAIS PERMANENTES	95.595.372,66	93.557.368,39	88.158.106,65	92.968.622,55	98.096.220,06
FONDOS PROPIOS OU PATRIMONIO NETO	73.451.045,11	73.950.041,46	77.294.283,31	81.733.304,69	89.174.339,01
Pasivo non cr rte.	22.144.327,55	19.607.326,93	10.863.823,34	11.235.317,86	8.921.881,05
Pasivo corrente	5.384.479,80	7.657.623,84	11.032.213,65	7.579.865,19	7.266.125,56
TOTAL PASIVO	100.979.852,46	101.214.992,23	99.190.320,30	100.548.487,74	105.362.345,62
FONDO MANIOBRA	7.866.305,05	5.770.452,92	-850.460,96	629.671,41	4.108.355,89
FM/D	143,72%	79,45%	-17,93%	24,25%	72,61%

Polo lado do **ACTIVO** é de subliñar o habitual incremento do activo non corrente, pero principalmente debe destacarse a recuperación do activo corrente; o incremento do **activo non corrente** respecto do exercicio anterior é habitual e é consecuencia da carencia xa manifestada dunha correcta contabilización do inmovilizado e das súa amortización debido a inexistencia dun inventario actualizado, polo que progresivamente sempre vai en aumento en tanto non se reflectan as amortizacións e depreciacións.

Merece mención o **activo corrente** que incrementa considerablemente respecto ao exercicio precedente o cal se debe á recuperación do dispoñible, (fondos líquidos) que no exercicio 2015 experimentou unha notable redución como consecuencia do abono en febreiro de 2015 da amortización parcial forzosa do préstamo FOMIT "Luz Salgada".

Polo lado do **PASIVO**, o pasivo corrente minora minimamente respecto o exercicio 2015, non presentando variacións destacables.



Aumentan notablemente os **capitais permanentes**, (P n/crrte. + FP), como consecuencia do notable incremento dos fondos propios **por efecto da conta 129 onde se recollen os resultados do exercicio dentro do epígrafe “patrimonio xerado”, que a súa vez derivan da conta de resultado económico patrimonial, que no exercicio ascende a 7.448.731,26 €, mentres que no exercicio 2015 ascendeu a 4.739.202,02€, o que pon de manifesto unha notable mellora nese aspecto que obedece principalmente** a factores relacionados co ámbito dos ingresos; así os ingresos aumentan respecto o exercicio 2015 en 3.157.694,08€, aumento que obedece principalmente ao aumento dos ingresos por transferencias e subvencións en case 2.371.077,13€ (contas 75).

COMPARACIÓN DA ESTRUCTURA DO BALANCE:

Tomando como referencia a estrutura do balance resulta a seguinte comparativa:

	2012	2013	2014	2015	2016
I. Estructura do Activo					
ANC/AT	86,88%	86,73%	89,74%	91,84%	89,20%
AC/AT	13,12%	13,27%	10,26%	8,16%	10,80%
ANC/AC	662,07%	653,76%	874,20%	1124,78%	826,30%
II. Estructura do Pasivo					
CP/PT	94,67%	92,43%	88,88%	92,46%	93,10%
PNC/PT	21,93%	19,37%	10,95%	11,17%	8,47%
PC/PT	5,33%	7,57%	11,12%	7,54%	6,90%
PNC/PC	411,26%	256,05%	98,47%	148,23%	122,79%
III. Fondo de Manobra					
CP-AF	7.866.305,05	5.770.452,92	-850.460,96	629.671,41	4.108.355,89
AC-PC	7.866.305,05	5.770.452,92	-850.460,96	629.671,41	4.108.355,89
IV. Financiamento do Activo corrente					
(CP-AF)/AC	59,36%	42,97%	-8,35%	7,67%	36,12%

Definición dos indicadores:

- ANC: activo non corrente.
- AT: activo total.
- AC: activo corrente.
- FM: fondo de manobra.
- CP: capitais permanentes.
- PT: pasivo total.
- PNC: pasivo non corrente.
- PC: pasivo corrente.

Como pode apreciarse a marxe de seguridade por se hai retraso nos cobros do activo corrente para atender os seus pagos aumenta considerablemente nun **28,45%**, o que ven a por de manifesto a mellora progresiva da entidade.

En efecto poderían darse dúas situacións:

- **FM > O**: unha parte do Ac está financiada con recursos permanentes polo que o concello non



tería problemas en pagar as súas débedas no prazo legalmente establecido. É dicir, existe estabilidade na estrutura financeira. Advertir que un exceso de activos líquidos non ten ningún rendemento e sempre debería estudarse a posibilidade de acometer operacións de rentabilización de excedentes.

- **FM < O:** unha parte do Af está financiado con esixible a curto prazo polo que previsiblemente o Concello vai a ter problemas á hora de pagar as súas débedas e terá que concertarse un póliza de tesourería.

A mellora experimentada nesta magnitude xa se esperaba para o exercicio 2015.

b) Análise do activo non corrente.

Do inmovilizado cabe destacar a inseguridade das cifras que recolle debido a dous motivos: en primeiro lugar, non existe unha axeitada correspondencia entre a contabilidade e o inventario de bens como consecuencia da falta dun soporte informático axeitado, así como da non existencia dun inventario actualizado (obriga regulada nos artigos 17 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais). En segundo lugar pola non realización de amortizacións, situación explicable dende o punto de vista contable pola pouca información que ían a facilitar dado que non existe na contabilidade unha identificación dos bens nin ningún rexistro auxiliar que permita levar o control da súa vida útil, valor residual, data de adquisición, prezo de adquisición, melloras que prolonguen a súa vida útil, etc.

No tocante a índices, faremos referencia á relación entre activo fixo e endebedamento a longo prazo para comprobar o correcto financiamento dos investimentos.

	2012	2013	2014	2015	2016
Activo fixo/Endebedamento LP	3,96	4,48	8,19	8,22	10,53

O índice representa que o activo non corrente da Corporación, (Investimentos e Inmovilizado), supón **10,53** veces os préstamos a longo prazo. Este índice representa a garantía en bens que da o Concello aos seus prestamistas: se o Concello puidera vender os seus bens podería cancelar toda a súa débeda cos bancos e aínda así sobraríalle, por iso chámase índice de garantía. Agora ben, o activo non corrente da Corporación, pola súa natureza fundamentalmente de dominio público é inalienable, imprescritible e inembargable, polo tanto non se podería allear os ditos bens para atender ás débedas sen a previa desafectación dos mesmos.

Mellora respecto o exercicio 2015 nun **2,31%**

c) Análise do pasivo:

Este pasivo está composto por un esixible a curto prazo que é o pasivo corrente, (prazo de vencemento inferior a un ano) e un a longo prazo que é o pasivo non corrente, (aquele que ten un vencemento a un prazo maior dun ano).

Os índices a ter en conta son os seguintes:



	2012	2013	2014	2015	2016
Coeficiente de endebedamento	37,12%	33,64%	0,00%	19,81%	18,15%
Coeficiente de endebedamento a C/P	7,33%	7,75%	14,27%	9,27%	8,15%
Coeficiente de endebedamento a L/P	30,15%	25,89%	14,06%	13,75%	10,00%
Endebedamento por habitante	731,74	675,57	577,55	501,98	434,19

Sendo:

- Pasivo esixible: Pasivo non corrente + pasivo corrente
- Pasivo non esixible= Patrimonio Neto=Fondos propios.
- Coeficiente de endebedamento= (Pasivo esixible/Pasivo non esixible) x100.
- Coeficiente de endebedamento a C/P= (Esixible a curto prazo/Patrimonio neto) x100.
- Coeficiente de endebedamento a longo prazo= (Esixible a longo prazo/Patrimonio neto) x100.
- Endebedamento por habitante= Pasivo esixible/Nº de habitantes.

De ditos índices pódese deducir que os coeficientes de endebedamento séguense a reducir, minorándose nesta ocasión principalmente o endebedamento a longo prazo como consecuencia da progresiva redución do importe das amortizacións extraordinarias en aplicación do superávit.

Vexamos a continuación toda unha serie de indicadores de endebedamento e maila súa evolución nos últimos anos:

INDICADOR	2012	2013	2014	2015	2016
Endebedamento a C/P	11.328.062,03	7.657.623,84	11.032.213,65	7.579.865,19	7.266.125,56
Endebedamento a L/P	22.144.327,55	19.607.326,93	10.863.823,34	11.235.317,86	8.921.881,05
Endebedamento total	33.472.389,58	27.264.950,77	21.896.036,99	18.815.183,05	16.188.006,61
Nº habitantes	37.903,00	37.621,00	37.712,00	37.482,00	37.283,00
Recursos ordinarios liquidados	25.227.355,37	24.462.289,66	24.850.967,85	29.150.925,00	30.695.976,52
Endebedamento CP/Nº habitantes	298,87	203,55	292,54	202,23	194,89
Endebedamento LP/Nº habitantes	537,15	521,18	288,07	299,75	239,30
Endebedamento total/Nº habitantes	836,02	731,74	722,98	501,98	434,19
Endebedamento CP/ Rec. Ordinarios	44,90%	31,30%	44,39%	26,00%	23,67%
Endebedamento LP/Rec. Ordinarios	87,78%	80,15%	43,72%	38,54%	29,07%
Endebedamento total/ Rec. Ordinarios	125,61%	111,46%	102,53%	64,54%	52,74%

Pode verse que, respecto aos recursos correntes liquidados, segue a minorarse o endebedamento total.



d) Análise do activo corrente e a solvencia a curto prazo:

O obxectivo é determinar o grao de equilibrio financeiro que garanta un futuro a medio e longo prazo equilibrado ou, polo contrario, o desequilibrio que poida provocar tensións de tesourería.

Á capacidade de atender ás obrigas ao seu vencemento chámase capacidade financeira ou solvencia a curto prazo. Ímola analizar a través de fondo de manobra que definiremos como a diferenza entre o activo corrente e o pasivo corrente.

Este fondo de manobra representa os fondos líquidos ou realizables a líquidos nun curto prazo, (dispoñible + debedores a curto prazo) cos que conta o Concello de máis que as obrigas que ten que atender a curto prazo, de forma que dito fondo representa a marxe que ten o Concello para facer fronte ás súas obrigas a curto prazo. Debemos destacar, neste senso que, o fondo de manobra aumenta respecto o ano 2015 nun **48,36%** ao minorarse o pasivo a longo prazo pero principalmente ao aumentar os fondos líquidos en **3.061.637,29€**, aumento que ven reflexado no Estado de fluxos de efectivo. No tocante aos índices que se manexan para coñecer a solvencia a curto prazo obtemos os seguintes resultados:

- Índice liquidez inmediata:

Fondos líquidos/ Obrigas pendentes de pago

	2012	2013	2014	2015	2016
Fondos líquidos	5.472.307,14	7.262.770,64	4.744.425,67	2.596.595,27	5.658.232,56
Obrigas pendentes de pago	4.283.627,91	6.202.521,85	8.128.927,15	4.375.341,11	4.713.451,30
Índice de liquidez	127,75%	117,09%	58,36%	59,35%	120,04%

Representa a capacidade da entidade para facer fronte dun xeito inmediato ás súas obrigas .O índice de liquidez experimenta un notable incremento do **60,69%** como consecuencia do incremento dos fondos líquidos.

- Índice de solvencia:

Fondos líquidos+dereitos pendentes de cobro/obrigas pendentes de pago:

2012	2013	2014	2015	2016
377,99%	228,27%	174,17%	293,18%	357,13%

Este índice representa a capacidade que ten a Corporación, cos seus fondos líquidos e o que lle deben, para facer fronte ás súas obrigas. O valor do índice axeitado ten que ser superior a 1, aínda que en calquera caso debe terse en conta a clase de debedores e acredores. Pódese observar novamente unha notable mellora respecto ao 2015 mellorando incluso as cifras do 2013, como consecuencia da xa analizada minoración do pasivo corrente o tempo que aumenta o pendente de cobro.



II. O resultado económico patrimonial.

O resultado económico patrimonial obtense a través da conta de resultados económicos do exercicio pola comparación entre todos os ingresos ou beneficios e os gastos ou perdas dun exercicio.

Agora ben, cómpre diferenciar o concepto de ingresos e de gasto, ou beneficio e perda, dende un punto de vista orzamentario e dende o punto de vista económico-patrimonial. Os ingresos ou beneficios que se computarán na conta de resultados serán os que supoñan un incremento do patrimonio da entidade. Estes veñen recollidos no grupo 7 do Plan de contas e non teñen por qué coincidir cos ingresos orzamentarios. Polo lado do gastos o razoamento é semellante, na conta de resultados inclúranse os que supoñan unha diminución do patrimonio que non necesariamente teñen que coincidir cos gastos orzamentarios.

Non obstante todo o anterior deben terse en conta determinadas limitacións á hora de interpretar a conta de resultados económicos propia da mesma sen esquecer as limitacións xenéricas a todo estado contable anteriormente apuntadas. Estas reservas que haberá que ter en conta e que xa comentaremos son as derivadas das limitacións orzamentarias ao gasto (non se poden contabilizar os gastos sen consignación orzamentaria, e nembargantes si que son gastos, diminucións do patrimonio do exercicio) e, en segundo lugar, non se teñen en conta os efectos dos gastos con financiamento afectado: as desviacións de financiamento poden orixinar incrementos ou perdas de patrimonio que serán compensadas noutros exercicios xerando, polo tanto, déficits ou superávits ficticios.

O concepto e significado desta magnitude establécese no documento nº7 de Principios contables públicos “Información económico-financieira pública”. Segundo o mesmo, o resultado económico-patrimonial dun exercicio é a variación dos fondos propios da Entidade producida en dito período como consecuencia das operacións de natureza orzamentaria e non orzamentaria.

Esta variación determínase por diferenza entre dúas correntes:

- Unha positiva formada polos ingresos e ganancias.
- Outra negativa, formada polos gastos e perdas.

A diferenza entre os ingresos e gastos do período constitúe un aforro (se é positivo) ou un desaforro (se é negativo) xenerado no exercicio. A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un Beneficio total (polo tanto, aforro) por importe de **7.448.731,26 EUROS**, que se reflicte ademais na conta 129 “Resultados do exercicio” no Pasivo do Balance de situación.

III.- Estado de Cambios del Patrimonio Neto

O Estado de Cambios do Patrimonio Neto é un estado de fluxos, independente do Balance e da Conta de Resultado Económico Patrimonial, que informa **da variación que se produciu entre dous exercicios contables no Patrimonio Neto da entidade**, e dos motivos que provocaron dito cambio en cada un dos seus grandes compoñentes. En esencia, complementa ao balance, pois explica as variacións dunha parte do mesmo, e por outra parte, se nutre de información –a máis sintética- da Conta de Resultados Económico – Patrimonial.

En resume, podemos concretar seus importes mediante o seguinte resume:



	I. Patrimonio	II. Patrimonio Xerado	III. Axustes por cambios de valor	IV. Subvencións recibidas	Total
A) Patrimonio neto ao final do exercicio 2015	37.862.298,80	43.871.005,89	0,00	0,00	81.733.304,69
b) Axustes por cambios de criterios contables e corrección de erros	0,00	130,45	0,00	0,00	130,45
C) Patrimonio neto inicial axustado do exercicio 2016 (A+B)	37.862.298,80	43.871.136,34	0,00	0,00	81.733.435,14
D) Variacións do patrimonio neto 2016	4.739.202,02	2.617.499,70	0,00	84.202,15	7.440.903,87
1. Ingresos e gastos recoñecidos no exercicio	0,00	7.448.731,26	0,00	84.202,15	7.532.933,41
2. Operacións patrimoniais coa entidade ou entidades propietarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
3. Outras variacións do Patrimonio Neto	4.739.202,02	-4.831.231,56	0,00	0,00	-92.029,54
E) Patrimonio Neto ao Final do Exercicio 2016 (C+D)	42.601.500,82	46.488.636,04	0,00	84.202,15	89.174.339,01

- Partimos do patrimonio neto existente a 31/12/2015, que ascendeu a **81.733.304,69€**.
- Mostra unha variación do patrimonio xerado e modificacións (evolución das contas 129 e 120, e si durante o exercicio rexistrouse algunha operación en ditas contas), por importe de **7.440.903,87€**.
- O tratamento dado ás subvencións: Durante o exercicio 2016 foron aplicadas ao exercicio as subvencións concedidas no exercicio 2016 na parte correspondente ao gasto realizado con cargo aos respectivos proxectos de gasto, resultando un importe imputado de **84.202,15€**, empregando as contas ponte dos grupos 8 e 9.
- Os axustes por cambio de valor: Non se realizaron revalorizacións no exercicio que afecten ao patrimonio neto.



- Non constan producidas variacións no patrimonio cedido/adscrito ao OA dependente, nin se incrementaron as competencias nin se teñen constituído novos entes.
- Amosa un patrimonio neto final por importe de **89.174.339,01 €**

IV. Estado de Fluxos de Efectivo

O Estado de Fluxos de Efectivo informa **sobre ao orixe ou procedencia e o destino ou aplicación dos activos financeiros representativos de efectivo** –excluídos os movementos entre partidas que estén catalogadas como efectivo na referida acepción ampla-. É dicir, o Estado de Fluxos de Efectivo é un estado que explica **cómo se chegou, partindo dende unhas existencias iniciais de efectivo, a principio de exercicio, ata unhas existencias finais, na conclusión do mesmo, indicando os cobros e os pagos producidos durante o citado periodo**, clasificados oportunamente por actividades.

En termos de resume, e á vista que, como se comentou, non é posible a súa comparación có mesmo estado referenciado ao exercicio anterior, os principais datos se poden concentrar no seguinte cadro:

Fluxos	Exercicio 2016
Fluxos netos (+/-) por actividades de xestión	7.716.932,32
Fluxos netos (+/-) por actividades de inversión	-1.609.649,91
Fluxos netos (+/-) por actividades de financiación	-2.719.329,90
Fluxos netos (+/-) pendentes de clasificación	-326.315,22
Efecto das variacións dos tipos de cambio	0,00
Disminución neta do efectivo	3.061.637,29
Efectivo o inicio do exercicio	2.596.595,27
Efectivo o final do exercicio	5.658.232,56

O efectivo da entidade experimentou un incremento neta por importe de **3.061.637,29€**; A cuestión máis relevantes xustificativas das variacións recollidas neste estado xa foron expostas con ocasión do balance.

Resulta evidente pois, que no contexto actual a Corporación presenta capacidade para xerar fluxos de tesourería netos pero non podemos obviar o feito que gran parte de dita capacidade atópase vinculada a financiamento externo (transferencias e subvencións), tal e como se puxo de manifesto na análise do Estado de Cambios do Patrimonio Neto, polo que debe seguirse na liña de acadar unha facenda o



menos dependente posible de dito financiamento externo mediante a adopción de medidas no ámbito fiscal.

V. Liquidación dos Orzamentos

Polo que respecta os Estados integrantes da Liquidación do Presuposto, integrada pola liquidación do Presuposto de Gastos e a liquidación do Presuposto de Ingresos, así como ao Resultado Presupostario, o Remanente de Tesourería, os Remanentes de Crédito, o perímetro de consolidación, nivel de débeda consolidada, cumprimento da Regra de Gasto a nivel consolidado e cumprimento da Estabilidade Presupostaria, remítome aos Informes de Intervención de data 28 de febreiro de 2017, Ref. CV-23/2017, CV- 24/2017, nos que se analizan os diferentes compoñentes da liquidación do exercicio 2016.

VI. Memoria

Este estado contable completa, amplía e comenta a información contida nos outros estados da conta anual e contén a información que se establece na Instrución de Contabilidade.

O detalle de cada apartado aparece na Memoria, debéndose destacar:

a) Os apartados que figuran sen datos ou cos datos a cero, significa que o Concello non ten movementos desa natureza. Por exemplo Patrimonio Público do solo, Administración de recursos por conta doutros entes públicos, exercicios futuros..., etc.

b) O cadro de financiamento recolle os recursos obtidos no exercicio e os seus orixes, así como a aplicación ou o emprego dos mesmos. Aparece dentro da Memoria da conta considerándose como un estado explicativo dos fluxos netos de fondos dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro do mesmo ano, recollendo os fondos obtidos, os aplicados e a variación do capital corrente.

c) O apartado 25-Indicadores, non é obrigatorio para as entidades con poboación inferior a 50.000 habitantes, sen embargo incorporase como información adicional.

d) Os apartados 26 e 27 sobre custe de actividades e indicadores de xestión non son obrigatorios ata a conta do exercicio 2017.

e) Mención á parte merece o apartado 28, referido a “Acontecementos posteriores o peche”, neste apartado se transcribe o informe de Intervención Ref.: **CV 145/2017**, que se integra no **Anexo III** á Conta Xeral, e que ten por obxecto a incorporación o expediente da fiscalización posterior por mostreo recollida na Base 37^a das BEO, que ven a substituír dación de conta o Pleno dos informes de reparo emitidos no exercicio.

f) Dentro da memoria tamén se incorpora o Estado de Tesourería, onde nos remitimos o **Anexo II** que obra no expediente.

Existe unha diferenza de 543,25€ entre o importe que figura como fondos líquidos no Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, (5.657.689,31€) e o que figura no Balance, (5.658.232,56€), a cal obedece a un expediente de provisión de fondos que ficou pendente de xustificar a 31/12/2016, expedientes que se contabilizan na conta 575, a cal si figura no balance pero non forma parte do RLT^aGX dado que esta magnitude de acordó coa ICAL non toma en consideración a conta 575 de “Pagos a Xustificar”.

CONCLUSIÓNS:

1. En relación coa Conta Xeral do exercicio 2016 pódese concluir que:
2. A Conta Xeral foi rendida polo Presidente seguindo o procedemento establecido na normativa de aplicación.



3. A Conta Xeral, con todos os seus documentos e anexos, reflexa fielmente a situación económica, financeira e patrimonial do suxeito contable, agás no referente ao inmovilizado polas limitacións en materia de Inventario.
4. Dende un punto de vista patrimonial o Concello de Vilagarcía de Arousa mellora notablemente o fondo de manobra, (FM), o seu ciclo económico e o seu ritmo de actividade volven a recuperar sendas de sostibilidade.
5. Non obstante seguen sendo preciso continuar coas medidas recomendadas a continuación pois gran parte de dito dispoñible atópase vinculado a financiamento externo e non a unha auténtica independencia da facenda municipal

RECOMENDACIÓNS:

1. Obter maior liquidez inmediata mediante a adopción, entre outras, das seguintes medidas:
 - Acometer actualizacións fiscais dos prezos públicos e taxas previa elaboración dos preceptivos estudos económico financeiros que permitan un axeitado financiamento dos servizos públicos, (con ocasión da confección do Orzamento 2018 estudarase co Departamento de Tesourería as subidas que resulten precisas).
 - Optimización do uso do dominio público, (casas da cultura, instalacións culturais, instalacións deportivas, ocupación da vía pública...etc).
 - Redución a casos excepcionais dos prezos políticos.
 - Continuar na liña de potenciar a vía da inspección fiscal.
 - Potenciación da recadación en vía executiva.

2.- Continuar coas políticas de control do gasto en materia de gastos extraordinarios de persoal, licitacións, ...etc, así como de racionalización do gasto público.

Todas estas medidas contribuirían a consolidar a senda de sostibilidade financeira.

A mellora que experimentou a situación económica, financeira e patrimonial do Concello no exercicio 2012 como consecuencia da concertación da operación de endebedamento a longo prazo ao abeiro do RD Lei 4/2012 de pago a provedores, e que mantivo os seus efectos no exercicio 2013 volve a recuperarse no exercicio 2016, recuperando a tesourería municipal a súa marxe de manobra.

Se ben, a incidencia nas medidas recomendadas tanto en materia de gastos como en ingresos non debe abandonarse nin relaxarse pois como se puido apreciar nos exercicio 2014 e 2015, calquera acontecemento imprevisto pode comprometer a situación económica e financeira do Concello.

É o que se informa sen prexuízo dun criterio mellor fundado xurídica e contablemente.

Vilagarcía de Arousa, 28 de setembro de 2017

A Interventora

Asdo./ Trinidad Gómez Reiriz